

ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR

Na Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, **se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares** de centros docentes sostidos con fondos públicos. No caso do noso centro hai que levar a cabo unha renovación parcial.:

- **O 28 de novembro** , as 10:15 horas na Biblioteca do IES As Bizocas celebrárase o sorteo público para designar os membros (titulares e suplentes) da Xunta Electoral:

- **O 7 de novembro de 2022** as 11:05 horas procederá á constitución da Xunta Electoral

Funcións da Xunta Electoral:

A organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral, que se constituirá en cada centro, nas datas que fixe a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e que estará integrada polo director ou directora do centro, un profesor ou profesora, un pai ou nai ou titor legal, un representante do persoal de administración e servizos, e, de ser o caso, un alumno ou alumna de educación secundaria; designados os catro últimos por sorteo público no que se preverá a designación de membros suplentes.

Serán competencias da citada xunta:

- a) Aprobar e publicar os censos electorais, que deberán reflectir, en todo caso, nome apelidos dos electores.
- b) Concretar o calendario electoral.
- c) Ordenar o proceso electoral.
- d) Admitir e proclamar candidaturas.
- e) Promover a constitución das distintas mesas electorais.
- f) Resolver as reclamacións presentadas contra as resolucións das mesas electorais.

g) Proclamar os candidatos elixidos e remitir as correspondentes actas á Xefatura Territorial. Lémbrase ás familias, que todos os membros da comunidade educativa son posibles integrantes no sorteo público, onde se elixirán os membros que formarán parte na xunta electoral e son posibles integrantes da Mesa electoral todas/os os que non son candidatos

A DIRECCIÓN